

Xoves, 16 de xullo de 2020

Núm. 135

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CERDEDO-COTOBADE

Subvencións e axudas

CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS EN MATERIA DE EDUCACIÓN DO CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE PARA O CURSO 2019/2020

Por decreto de Alcaldía de data 08.07.2020 adoptouse a seguinte resolución:

“DECRETO DE ALCALDÍA

Vista a Ordenanza para a concesión de subvencións en materia de actividades culturais e deportivas, aprobada inicialmente polo Pleno en data 28/08/2008, e publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia n.º 210, de data 29/10/2008, entrando en vigor ao día seguinte ao da súa publicación, sen prexuízo do establecido no artigo 65.2 da Lei 7/85 reguladora das Bases de Réxime Local.

Vista a certificación de existencia de crédito de intervención de data 06/06/2020 ; en virtude das competencias atribuídas polo artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello:

RESOLVO

Primeiro. Aprobar as Bases reguladoras para a concesión de subvencións en materia de actividades educativas do Concello de Cerdedo-Cotobade para o exercicio 2020 que constan como anexo da presente Resolución.

Segundo. Efectuar convocatoria para a concesión de subvencións en materia de EDUCACIÓN, co texto que figura no Anexo da presente Decreto.

Terceiro. Estas bases reguladoras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e en <https://www.cerdedo-cotobade.gal>

Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3 b) e 20.8 a) da LXS, o texto da convocatoria remitiráselle á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Mándao e asinao o Sr. Alcalde, en Cerdedo-Cotobade (Pontevedra).

O alcalde

Jorge Cubela López



ANEXO**CONVOCATORIA E BASES DE SUBVENCIONS EN MATERIA DE EDUCACION PARA O
EXERCICIO 2020. CURSO ESCOLAR 2019/2020****DISPOSICIONS XERAIS**

Estas normas teñen por obxecto establecer os criterios e procedemento para a concesión de subvencións no ámbito do termo municipal de Cerdedo- Cotobade, de conformidade cos principios de obxectividade, igualdade, concorrencia e publicidade, así como para a prestación de servizos e realización de actividades que complementen ou suplan os atribuídos á competencia municipal ou que en xeral contribúan ao fomento dos intereses peculiares do municipio de acordo co establecido na lexislación sobre réxime Local (Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, Regulamento de Servizos de 1955, Lei de Administración local de Galicia, Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 9/207, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia) Asemade serán de aplicación as normas vixentes no propio Concello de Cerdedo- Cotobade.

Artigo 1. FINALIDADE E OBXECTO

Estas bases teñen por obxecto establecer o procedemento para a convocatoria e concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para o fomento e promoción de actividades educativas concretas que se desenvolvan no Concello de Cerdedo-Cotobade durante o curso escolar 2019/2020. O período subvencionable abrangue dende 01 de setembro de 2019 ata o 30 de xuño de 2020.

Artigo 2. BENEFICIARIOS

Poderán optar a estas subvencións:

- Os centros educativos públicos do Concello de Cerdedo-Cotobade para a celebración de actividades complementarias e actividades extraescolares por eles programadas, tales como exposicións, publicacións, certames, conferencias e en xeral calquera actividade de conservación, promoción e divulgación de valores educativos.
- As Asociacións de Nais e Pais de alumnos e alumnas de centros educativos do termo municipal de Cerdedo-Cotobade (ANPAS) para execución de actividades que lle son propias no marco dos principios educativos expresados anteriormente.

Artigo 3. OBRIGAS DO BENEFICIARIO

Son obrigas do beneficiario:



Xoves, 16 de xullo de 2020

Núm. 135

a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

b) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou aproveitamento da subvención.

c) Someterse as actuacións de comprobación, a realizar polo órgano concedente así como calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes.

d) Comunicar ó órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

Esta comunicación deberá efectuarse con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos percibidos.

e) Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que se encontra o corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social.

f) Dispor dos libros contables, rexistro dilixenciados e demais documentos debidamente acreditados nos termos esixidos na lexislación vixente ou bases reguladoras da convocatoria de subvencións.

g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

h) Adoptar as medidas de publicidade do carácter público da financiación da actividade, programa, actuación, etc. obxecto da subvención.

i) Proceder ó reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos legal ou regulamentariamente.

j) Rendición de contas en forma legal ou regulamentaria.

k) Asumir a responsabilidade que poida derivarse da realización dos programas e actividades.

l) Solicitar e dispor dos permisos e autorizacións necesarias para o desenvolvemento das actividades.

m) Aboar tódolos impostos, taxas, dereitos de autor e demais gastos necesarios para a realización das actividades.

n) Responder legalmente da veracidade dos datos expostos e da documentación presentada.



Xoves, 16 de xullo de 2020

Núm. 135

Artigo 4. CRÉDITO E CONTÍA

1. Estas subvencións faranse efectivas con cargo a aplicación orzamentaria 323/48 ata unha contía máxima de 6.000,00 € correspondente o Orzamento Xeral vixente no Concello de Cerdedo-Cotobade para 2020.

2. O importe de cada subvención non poderá ser superior ao déficit e en ningún caso excederá de 3.000,00 €.

3. A percepción desta subvención é compatible con outras axudas, subvencións, ingresos ou recursos para a mesma actividade sempre que se cumpra límite sinalado no punto anterior

Artigo 5. SOLICITUDES

1. Os interesados en acollerse ós beneficios destas bases, elevarán petición por medio de instancia dirixida ó Presidente de Cerdedo-Cotobade e a presentarán no Rexistro Xeral Electrónico do Concello, ou a través de calquera das formas sinaladas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, no prazo de 1 mes dende o día seguinte ó da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

2. Os interesados en obter esta subvención deberán solicitalo mediante a presentación da seguinte documentación:

- Instancia asinada polo petionario ou no caso de persoas xurídicas polo representante legal debidamente acreditado, con indicación de domicilio a efecto de notificacións.
- Fotocopia do Código de Identificación Fiscal (C.I.F.) no caso de persoas xurídicas e do Número de Identificación Fiscal (N.I.F.) no caso de persoas físicas.
- Memoria explicativa das actividades que se pretenden realizar con especificación da data, lugar de realización, responsables do desenrolo da actividade, obxectivo e fins concretos a que se destinaran os fondos.
- Orzamento de ingresos e gastos da actividade ou programa de actividades, con expresión do financiamento previsto.
- Os datos bancarios da conta a que se poderá transferir o importe da subvención, debidamente certificada pola entidade bancaria.
- Declaración responsábel da entidade solicitante no que conste as subvencións e/ou axudas solicitadas para a mesma finalidade, con expresión da súa contía, comprometéndose a comunicar ó Concello de Cerdedo-Cotobade a concesión de calquera outra axuda de Entes públicos ou privados.
- Declaración responsábel de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:GO1TZBRTMVZTX94



Xoves, 16 de xullo de 2020

Núm. 135

- Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social, mediante certificación expedida polos organismos competentes. esta certificación deberá estar en vigor no momento de efectualo o pago. No momento da presentación da solicitude de subvención tamén será válida a presentación dunha declaración responsable do presidente da entidade de non ser debedor á facenda estatal, autonómica e local nin á Seguridade Social ou ben xustificante de solicitude do aludido certificado.
- O Concello comprobará de oficio a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións e a non existencia de débedas coa facenda municipal.

Artigo 6. ENMENDA DE DEFECTOS

De existir algún defecto na solicitude ou documentos adxuntos, seralle notificado o interesado para que nun prazo de 10 días hábiles emende o defecto ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que si non o fixera considerase desistido na súa petición despois da correspondente resolución, de conformidade co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Artigo 7.- INSTRUCCIÓN

1. A instrución do procedemento correspóndelle ao Presidente da Comisión Informativa de Servizos Sociais, Educación e Deporte e proposta dos grupos políticos municipais concello de Cerdedo-Cotobade o cal realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

2. Unha vez avaliadas as solicitudes polo instrutor segundo os criterios, formas e prioridades establecidos nas presentes bases da convocatoria, a Comisión Avaliadora deberá emitir informe no que se concrete o resultado da avaliación realizada. Esta Comisión estará integrada polos membros da Comisión Informativa Presidente da Comisión Informativa de Servizos Sociais, Educación e Deporte e proposta dos grupos políticos municipais concello de Cerdedo-Cotobade.

Na comisión actuará como secretario /a, sen voto, un/ha funcionario/a do Concello de Cerdedo-Cotobade.

O instrutor, a vista do expediente e do informe do órgano colexiado, formulará proposta de resolución definitiva que deberá expresar o solicitante ou a relación de solicitantes para os que propón a concesión da subvención, a súa contía, con especificación da avaliación e dos criterios seguidos para realizala. Poderase prescindir do trámite de audiencia de conformidade co disposto no artigo 24 da LXS, adquirindo a proposta de resolución provisional o carácter de definitivo.



Xoves, 16 de xullo de 2020

Núm. 135

Artigo 8.- RESOLUCION

Aprobada a proposta de resolución definitiva, e de conformidade co disposto no artigo 88 da lei 39/2015, do 01 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, o Presidente procederá a resolver o procedemento.

A notificación da resolución aos interesados practicarase de acordo co previsto no artigo 40 da lei 39/2015, do 01 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas entendéndose aceptada a subvención se no prazo de 10 días non manifesta nada en contra.

A resolución de concesión aos interesados publicarase no taboleiro de edictos do Concello de Cerdedo-Cotobade con expresión da convocatoria, crédito orzamentario ó que se imputan, beneficiarios e contías percibidas. substituíndo á notificación individual.

A práctica da notificación ou publicación axustarase ás disposicións contidas no artigo 42 e 43 da lei 39/2015, do 01 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será de 6 meses, o vencemento do prazo sen notificación da resolución lexítima aos interesados para entederen desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención.

Contra esta resolución, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo de un mes dende o día seguinte o da súa notificación, o amparo do establecido no artigo 123.1 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dentro do prazo de dous meses contados dente o día seguinte ó da súa notificación, conforme o disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 3 de xuño, da xurisdición Contencioso-Administrativa. De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este resolverase e notificarase no prazo dun mes segundo establece o artigo 123.2 da citada Lei 39/2015, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 24.2 da Lei 39/2015, podendo entón os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de 6 meses contados dende o día seguinte de aquel en que se deba entender presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, conforme o establecido no artigo 46.1 e 4 da Lei 29/1998.

Artigo 9.- Criterios de avaliación

Os criterios de avaliación para o outorgamento de subvencións e fixación da súa contía, serán os seguintes:

- Participación de alumnos nas actividades durante todo curso lectivo 2019/2020 (o solicitante deberá acreditar o número de alumnos que participan en cada actividade: ata 4 puntos).



Xoves, 16 de xullo de 2020

Núm. 135

- Interese educativo, social e innovador das actividades desenvolvidas durante o curso lectivo 2019/2020: ata 5 puntos.
- Numero e coste das actividades propias organizadas durante o curso escolar 2019/2020: ata 5 puntos.
- Numero de alumnos do centro docente educativo ou número de socios da ANPA (cada solicitante debera acreditar na solicitude este dato para a súa valoración)..ata 2 puntos.
- Total 16 puntos.

Artigo 10.- XUSTIFICACION E TRAMITACION DO PAGAMENTO

1. Para poder percibir as subvencións concedidas, os beneficiarios presentarán a documentación xustificativa indicada no seguinte punto no Rexistro do Concello de Cerdedo- Cotobade, mediante unha instancia dirixida o Presidente, coa data límite do 15 de outubro de 2020.

2. A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión da subvención realizarase mediante a presentación da conta xustificativa. A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio que deberá comprender o seguinte: (ANEXO V)

- a) Memoria detallada que inclúa declaración das actividades realizadas financiadas coa subvención e o seu custo.
- b) Relación desagregada de cada un dos gastos realizados con motivo da actividade subvencionada (distinguindo entre gasto total e gasto subvencionable).
- c) Os gastos xustificaranse mediante facturas ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa (nóminas, Tcs, cartas de pago oficiais...).
- d) As facturas as que fai referencia o parágrafo anterior deberán cumprir os requisitos establecidos para a súa expedición no Real Decreto 1619/2012 de 30 de novembro ademais de estar datadas no período subvencionable e conte-lo selo de pagado ou presentar xustificación documental que acredite o pago. En ningún caso se lles recoñecerá valor probatorio ós simples “recibís”.
- e) Deberase aporta-lo orixinal e unha copia de cada un dos documentos que se presenten para estampillar a primeira, que será devolta, e compulsar a segunda. O estampillado consistirá na impresión sobre o documento orixinal da expresión “este documento serviu para xustificar unha subvención outorgada polo Concello no procedemento de concesión de subvención para...”.
- f) No suposto de adquisicións de bens inmoables deberase aportar ademais certificado de taxador independente debidamente acreditado e inscrito no correspondente rexistro oficial.
- g) Tratándose de execución do obras será precisa a presentación de certificación de obra e factura, que teñen que conter os requisitos legalmente esixibles para a súa expedición.



Xoves, 16 de xullo de 2020

Núm. 135

Se as obras se realizan por contrata acompañarase á certificación informe do técnico competente.

- h) Se as obras se realizan por administración será preciso achegar á certificación a xustificación de tódolos gastos que se relacionan na certificación e o informe do técnico municipal no que se acreditará que a obra está realizada de conformidade co orzamento ou proxecto que serve de base.
- i) Relación desagregada de tódolos ingresos que financian a actividade (fondos propios, subvención concedida e outras subvencións) debendo acreditarse o seu importe, procedencia e aplicación ás actividades subvencionadas.
- j) Un exemplar de tódala documentación impresa xerada pola actividade que acredite a participación do Concello no financiamento da actividade subvencionada.

3. Presentada a xustificación sinalada e comprobada a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión ou aproveitamento da subvención, previo informe da Intervención municipal, polo órgano competente formularase a proposta de pagamento.

4. O aboamento das subvencións xustificadas efectuarase mediante transferencia bancaria a conta sinalada polo beneficiario. Non se admiten os pagos parciais nin anticipados.

Artigo 11.- REINTEGRO

Procederá o reintegro total ou parte das cantidades percibidas desde o momento do pago da subvención, nos supostos previstos nos artigos 36 e 37 da Lei 38/2007 de 17 de novembro Xeral de Subvencións.

DISPOSICIONS FINAIS

Primeira.- No non previsto especificamente neste Regulamento, rexerán as normas da Lei Xeral de Subvencións, e restantes disposicións vixentes.

Segunda.- Estas bases entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia sen prexuízo do prazo establecido no artigo 70.2 da Lei reguladora das Bases do Réxime Local.

Cerdedo Cotobade.

O alcalde

Jorge Cubela López



Xoves, 16 de xullo de 2020

Núm. 135

ANEXO I
**MODELO DE SOLICITUDE DE SUBVENCION PARA ACTIVIDADES CULTURAIS, DEPORTIVAS
E EDUCATIVAS**

Datos da Entidade

Nome _____
CIF: _____
Enderezo _____
Localidade _____
Teléfono _____
Número de rexistro municipal de asociacións _____
Correo Electrónico _____

Datos do Representante

Nome e apelidos _____
NIF: _____
Teléfono _____
Relación coa entidade _____
Correo Electrónico _____

1.-PROGRAMA AO QUE SE ACOLLE

MATERIA	PROGRAMA	
EDUCACION	Organización de actividades extraescolares, cursos, viaxes culturais, etc	

2.- MEMORIA:

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE PARA O QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN:

_____ _____ _____ _____ _____ _____ _____ _____ _____ _____ _____

3.-ORZAMENTO DA ACTIVIDADE

DETALLE DO ORZAMENTO ESTIMATIVO DE GASTOS

GASTO	IMPORTE
FINANCIAMENTO PROPIO DA ENTIDADE	
INGRESO	IMPORTE



Xoves, 16 de xullo de 2020

Núm. 135

FINANCIAMENTO EXTERNO DA ENTIDADE		
¿Solicitou ou recibiu subvencións doutros organismos para a mesma finalidade?	SI	NON
Outras subvencións solicitadas para a mesma finalidade		
ENTIDADE	IMPORTE	

4.- DATOS DE AVALIACION

CRITERIO		
Participación de alumnos nas actividades durante todo curso lectivo 2019/2020	Actividade	Nº de participantes
Interese educativo, social e innovador das actividades desenvolvidas durante o curso lectivo 2019/2020		
Numero e coste das actividades propias organizadas durante o curso escolar 2019/2020	Actividade	Custe
Numero de alumnos do centro docente educativo ou número de socios da ANPA		

Documentación que se achega con esta solicitude:

Solicitude (Anexo I)

Declaración (Anexo II)

Designación representante da entidade ante o Concello (Anexo III)

Designación de Conta Bancaria (Anexo IV)

Copia Compulsada do NIF do representante e do CIF da entidade

Estatutos da Entidade

DATA	SINATURA
Cerdedo-Cotobade,.....de.....de 20.....	



Xoves, 16 de xullo de 2020

Núm. 135

ANEXO II.**MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE DO REPRESENTANTE DA ENTIDADE.**

D./Dona. _____, con
N.I.F. _____, residente no Concello de _____,
parroquia/localidade de _____, lugar/rúa _____ nº _____, portal _____,
andar _____, na súa calidade de representante da entidade _____, con
C.I.F. _____, con coñecemento dos delitos nos que puidera incorrer por falsidade,

DECLARO:

Que coñezo e acepto as bases da convocatoria e que non estou incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións 38/2003 de 17 de novembro, para obter a condición de beneficiario.

Que a entidade por min representada se somete ás actuacións de comprobación e á achega da documentación que o Concello de Cotobade poida acordar para comprobar que as actuacións ás que dedique a subvención, no caso de que nos fose concedida, se corresponden cos fins para os que se solicita.

Que a entidade por min representada se compromete a difundir na publicidade das actividades subvencionadas o carácter público do financiamento, indicando expresamente a colaboración do Concello de Cotobade, inserindo o seu logo oficial en todo o material que se utilice para dita difusión.

Que a entidade está ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Achéganse os seguintes certificados acreditativos:

-Seguridade social SI NON
-Axencia Tributaria SI NON
-Facenda da Xunta SI NON

Que as subvencións obtidas ou solicitadas a outras entidades públicas ou privadas para esta mesma finalidade, son as que a continuación se detallan:

ENTIDADE	CANTIDADE SOLICITADA	CANTIDADE CONCEDIDA

Cerdedo-Cotobade, _____ de _____ de _____.

Asdo.: _____
O representante da entidade.



Xoves, 16 de xullo de 2020

Núm. 135

ANEXO III

D./D^a _____ en calidade de secretario/a da entidade _____

CERTIFICO

1º. Que a entidade _____ está integrada polas seguintes persoas:

1.-Presidente: _____

2.-Secretario: _____

3.-Vogal: _____

4.-Vogal: _____

5.-Vogal: _____

6.-Vogal: _____

7.-Vogal: _____

8.-Vogal: _____

2º. Que a entidade _____, decidiu acollerse á convocatoria de subvencións publicada polo Concello de Cotobade para a promoción de actividades culturais, educativas e deportivas correspondente ao exercicio _____

3º. Que a entidade _____ designou a D./D^a _____ para que formule e asine a solicitude de achega á que se refiren as bases da subvención.

E para que así conste, para os efectos oportunos, expido e asino a presente, de orde e co visto e praxe do Sr. Presidente, en Cerdedo-Cotobade, _____ de _____ de _____.

O secretario

O Presidente

Asdo: _____

Asdo: _____



Xoves, 16 de xullo de 2020

Núm. 135

ANEXO IV.

DESIGNACIÓN DA CONTA BANCARIA

I.- Datos do representante:

NIF: _____
Nome ou denominación social: _____
Domicilio fiscal _____ Municipio _____
Provincia _____ Código Postal _____ Teléfono _____

II. Datos da entidade

CIF: _____
Nome ou denominación social: _____
Domicilio fiscal _____ Municipio _____
Provincia _____ Código Postal _____ Teléfono _____

III. Datos bancarios

Código entidade	Código sucursal	D. C	Número de conta

A CUMPLIMENTAR POLA ENTIDADE DE CRÉDITO
(Selo da entidade de crédito)

Asdo.: _____

Nota: Este anexo pode ser substituído por unha certificación da entidade bancaria do número de conta.



Xoves, 16 de xullo de 2020

Núm. 135

ANEXO V
CONTA XUSTIFICATIVA.

D/D^a _____ en calidade de representante da entidade
_____.

Declara:

Primeiro.- Que foron efectuadas as actividades ou investimentos financiados ca achega concedida polo Concello de Cerdedo-Cotobade para a promoción de actividades culturais e deportivas, ao abeiro da convocatoria correspondente ao exercicio _____, e a tales efectos achego:

A) Descrición da actividade realizada, breve exposición:

Segundo.- Que a relación de gastos e ingresos na que ten incorrido a asociación por min representada é a que se reproduce a continuación:

(Deberán xuntarse orixinais ou copias COMPULSADAS das facturas ou documentos acreditativos do gasto efectuado. Con carácter previo á realización da compulsión deberá estenderse unha dilixencia ou unha estampaña sobre o orixinal da factura, de maneira que quede constancia de que esta foi utilizada como xustificante de gasto para a obtención dunha subvención do Concello de Cerdedo-Cotobade.)



Xoves, 16 de xullo de 2020

Núm. 135

GASTOS EFECTUADOS.

Gasto.	Importe	Expedidor da factura	Data de expedición da factura.
TOTAL GASTOS			€

INGRESOS QUE FINANCIARON A ACTIVIDADE.

Subvencións.	Administración Concedente	Importe
IMPORTE TOTAL SUBVENCIONS		€
OUTROS INGRESOS QUE FINANCIARON A ACTIVIDADE		
TIPO DE INGRESO	IMPORTE	
TOTAL INGRESOS		€

Terceiro.- Que todos os datos presentados nesta conta xustificativa son certos.

Cerdedo-Cotobade, _____ de _____ do _____ -

Asdo. _____
(O representante da entidade)"

O Alcalde

Jorge Cubela López

Documento asinado dixitalmente á marxe na data reflectida

